

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**9451** *Real decreto 649/2011, do 9 de maio, polo que se modifica o Real decreto 12/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regulan a composición e o funcionamento do Consello da Rede de Parques Nacionais, e o Real decreto 948/2009, do 5 de xuño, polo que se determinan a composición, as funcións e as normas de funcionamento do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.*

A aprobación do Real decreto 1443/2010, do 5 de novembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, introduciu unha serie de cambios na organización e distribución competencial do ministerio que fai necesaria a modificación da actual estrutura do Consello da Rede de Parques Nacionais e do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade para adecualas á nova realidade do departamento.

O Consello da Rede, como órgano colexiado de carácter consultivo, está regulado no artigo 6 da Lei 5/2007, do 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais.

O Real decreto 12/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regulan a composición e o funcionamento do Consello da Rede de Parques Nacionais, sinala, no seu artigo 3.1 a), que son membros deste «o ministro de Medio Ambiente, o presidente do Organismo Autónomo Parques Nacionais, o director xeral para a Biodiversidade, e o director do Organismo Autónomo Parques Nacionais».

Pola súa parte, o artigo 3.2 da dita norma dispón que «a presidencia do Consello da Rede de Parques Nacionais corresponderá ao ministro de Medio Ambiente e a vicepresidencia, ao presidente do Organismo Autónomo Parques Nacionais».

No entanto, a aprobación do Real decreto 1443/2010, do 5 de novembro, fai recaer a presidencia do Organismo Autónomo Parques Nacionais no ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en substitución do secretario de Estado de Medio Rural e Auga, quen pasa a asumir o cargo de vicepresidente do citado organismo.

É por iso polo que se considera oportuno dar participación expresamente no Consello da Rede ao secretario de Estado de Medio Rural e Auga na súa condición de vicepresidente do Organismo Autónomo Parques Nacionais.

Por outra parte, é conveniente introducir como unha posible forma de traballo do Consello a vía telemática, sen necesidade da reunión física dos seus membros, sen prexuízo das súas reunións previstas, cando menos, semestralmente. Isto atende á necesidade de dotar o dito Consello dunha forma de actuación áxil e rápida, adecuada á busca dunha maior eficiencia no funcionamento das administracións públicas e a unha redución do custos derivados deste. Para a modificación deste punto faise uso da autorización contida na disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico do cidadáns aos servizos públicos.

Pola súa parte, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade, crea, no seu artigo 8, o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, como órgano de participación pública no ámbito da conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e a biodiversidade.

Esta previsión sería desenvolvida polo Real decreto 948/2009, do 5 de xuño, polo que se determinan a composición, as funcións e as normas de funcionamento do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, en cuxo artigo 3 se recolle a composición deste.

A modificación operada polo Real decreto 1443/2010, do 5 de novembro, alterou a adscrición da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, á cal o Consello queda adscrito de acordo co disposto no artigo 1 do citado Real decreto 948/2009, do 5 de xuño, pasando esta a depender organicamente da Secretaría de Estado de Cambio Climático e, en consecuencia, faise necesario adecuar a presidencia e vicepresidencia do órgano á nova estrutura administrativa.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de maio de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo 1.** *Modificación do Real decreto 12/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regulan a composición e o funcionamento do Consello da Rede de Parques Nacionais.*

O Real decreto 12/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regulan a composición e o funcionamento do Consello da Rede de Parques Nacionais, queda modificado nos termos que resultan dos puntos seguintes:

Un. O artigo 3.1 a) queda redactado como segue:

«a) O ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o vicepresidente do Organismo Autónomo Parques Nacionais, o director xeral de Medio Natural e Política Forestal, e o director do Organismo Autónomo Parques Nacionais.»

Dous. O artigo 3.2 queda redactado como segue:

«2. A presidencia do Consello da Rede de Parques Nacionais corresponderá ao ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e a vicepresidencia, ao vicepresidente do Organismo Autónomo Parques Nacionais.»

Tres. Engádesse un parágrafo ao artigo 4.1 co seguinte texto:

«Sen prexuízo da celebración das ditas reunións, facúltase o Consello para que, en casos de urxencia, adopte as decisións por medios electrónicos, mediante votación por escrito e sen sesión presencial. Neste caso, remitirase a todos os membros do Consello por vía electrónica o punto ou puntos do día e a documentación correspondente, dando un prazo mínimo de dez días e máximo de vinte para que manifesten, pola mesma vía, a súa vontade ou opinión. No caso de non contestaren en prazo considerárase que se absteñen. Nas actas que se levantaren para constancia destas reunións incorporáranse as comunicacións que tivesen lugar, tanto para a convocatoria como para as deliberacións e a adopción de decisións.»

**Artigo 2.** *Modificación do Real decreto 948/2009, do 5 de xuño, polo que se determinan a composición, as funcións e as normas de funcionamento do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.*

As alíneas a) e b) do artigo 3 do Real decreto 948/2009, do 5 de xuño, polo que se determinan a composición, as funcións e as normas de funcionamento do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, quedan redactadas como segue:

- «a) Presidencia: secretario de Estado de Cambio Climático.
- b) Vicepresidencia: director xeral de Medio Natural e Política Forestal.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO